



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DO 21 DE SETEMBRO DE 2026, NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DA COTA XERAL E DÚAS (2) DA COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, DENOMINADAS AUXILIAR SALA, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023.

Tras de ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 20.02.2026 (BOP núm. 046, do 26.02.2026), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira nunha (1) praza da cota xeral e dúas (2) da cota de reserva a persoas con discapacidade, denominadas AUXILIAR SALA, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C - subgrupo C2, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 11.05.2026, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo:

A) COTA XERAL

A.1) ADMITIDOS/AS

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	CASAL PENA, JAVIER SANTIAGO	***3590**
2	COPA ALVAREZ, LIDIA	***8271**
3	DELPONT LÓPEZ, ALEJANDRO	***6941**
4	ENCABO GONZÁLEZ, BELÉN MARÍA	***6016**
5	ENGROBA GARCÍA, IVÁN	***4703**
6	JATO DÍAZ BRUNO	***1109**
7	LÓPEZ DE LA VILLA, MARÍA DEL VALLE	***2193**
8	MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, SANTOS ENRIQUE	***2544**
9	PALLÍN PÉREZ, LAURA	***8571**
10	PÉREZ VALIÑO, AMALIA	***4274**
11	RODRÍGUEZ GROBA, KARINA	***7977**

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
12	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, ANA	***7554**
13	SANMARTINO PRADO, ROSA MARÍA	***3629**
14	SEGALA FARRÉS, ARIADNA	***9790**
15	VARELA GUERRERO, IGNACIO	***4845**
16	VÁZQUEZ VILA, DANIEL MANUEL	***2075**

B) COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE**B.1) PERSOAS ADMITIDAS**

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	BARRIO CARBALLO, JOSÉ MANUEL	***4359**
2	COSTAS IGLESIAS, FRANCISCO JOSÉ	***3720**
3	FEAL JIMENEZ, NOELA	***3638**
4	GARCÍA GARCÍA, PAULA	***6801**
5	LÓPEZ FERNÁNDEZ, MARIO	***5253**
6	LÓPEZ RAMIL, JESÚS	***2282**
7	MARTÍNEZ-PUGA QUIROGA, ÁNGEL JOSÉ	***5738**
8	PARGA BRAÑA, PAULO	***3668**
9	RAMIL IGLESIAS, MARÍA	***5888**
10	VARELA CARREIRA, MARCOS	***4315**
11	VILAR SÁNCHEZ, JOEL	***4927**

B.2) EXCLUÍDA

Nº	APELIDOS E NOME	MOTIVO EXCLUSIÓN
1	CORREA VÁZQUEZ, PAULA	Non achega solicitude en modelo oficial, xustificante do pagamento da taxa nin o resto da documentación obrigatoria esixida nas bases.

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA.-

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Dona Encarnación Lago González, xerente da Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Silvia Fiallega Lorenzo, auxiliar sala no Museo Provincial do Mar da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Raquel Guerrero Prieto, axudante museo na Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

Titular: Dona María Ángeles Miguélez Martínez, vixilante guía na Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Javier Rego Román, auxiliar sala na Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A.-

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA.-

Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o **venres día 9 de outubro de 2026, ás 10 horas**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o **venres día 16 de outubro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2., ao obxecto de realizar o primeiro exercicio do proceso selectivo.

5º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 22 de setembro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2540

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DO 21 DE SETEMBRO DE 2026, NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DA COTA XERAL, DENOMINADA AUXILIAR ARQUIVO, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2023.

Tras de ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 20.02.2026 (BOP núm. 046, do 26.02.2026), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira nunha (1) praza da cota xeral, denominada AUXILIAR ARQUIVO, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C - subgrupo C1, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 11.05.2026, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo:

A) COTA XERAL

A.1) ADMITIDOS/AS

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ARGIBAY OUJO, CRISTINA	***9544**
2	ARIAS MÁ, BORJA	***5617**
3	BOUZAS MARTUL, IRENE	***6072**
4	CABRERA DELGADO, MARÍA EUGENIA	***7694**
5	CELA FERREIRO, SILA	***3528**
6	CORNELLAS MARTÍNEZ, JAVIER	***0620**
7	COSTA IGLESIAS, FRANCISCO JOSÉ	***3720**
8	DEL VALLE VÁZQUEZ, ANA BRANCA	***5209**
9	DOMÍNGUEZ OUBIÑA, JAVIER	***8925**
10	ENCABO GONZÁLEZ, BELEN MARÍA	***6016**
11	ENGROBA GARCÍA, IVÁN	***4703**
12	FERNÁNDEZ PERAL, EDUARDO	***8430**
13	FORMOSO GARCÍA, MARÍA CONCEPCIÓN	***9523**
14	GALÁN MESURA, DANIEL	***0826**
15	GARCÍA GARCÍA, ESTRELA CECILIA	***8332**
16	LUACES CANTO, FROILÁN PEDRO	***4790**
17	MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, UXÍA	***9581**
18	PARRILLA DEL RÍO, LUCÍA	***3675**
19	PAVÓN GUEDE, SABELA	***8491**
20	PAZOS ROMERO, LORENA	***4337**
21	PÉREZ VALIÑO, AMALIA	***4274**
22	PERMUY MALLO, ALBA	***2018**
23	REY PEREIRA, ANTÍA	***9507**
24	RODRÍGUEZ ACOSTA, ANTONELLA	***9689**
25	RODRÍGUEZ GROBA, KARINA	***7977**
26	RODRÍGUEZ NICOLÁS, ADRIÁN	***2544**
27	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, ANA	***7554**
28	SALGADO BARROS, ALEJANDRO	***9288**
29	SEIJAS GÓMEZ, MARÍA KARINA	***0854**
30	TERZADO LÓPEZ, CRISTINA	***9258**
31	VÁZQUEZ VILA, DANIEL MANUEL	***2075**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E.-

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Dona Sabela Gayoso Carreira, técnica superior arquivística na Sección de Arquivo da Deputación Provincial.

Suplente: Dona Mercedes Lamela López, xefa do Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Encarnación Lago González, xerente da Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Ignacio Marquez Barros, auxiliar de biblioteca no Museo Provincial Pazo de Tor da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Paula Salinas Somoza, axudante museo na Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A.-

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA.-

Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o **venres día 9 de outubro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos**, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o **luns día 19 de outubro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo**, sitas en Canella da Deputación, núm.2., ao obxecto de realizar o primeiro exercicio do proceso selectivo.

5º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 22 de setembro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2026, aprobou inicialmente o expediente de establecemento de prezo público e de aprobación da ordenanza núm. 407 reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos do auditorio municipal Fuxan Os Ventos.

Posto que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición pública os ditos acordos elévanse automaticamente a definitivos, publicándose a continuación o texto íntegro da ORDENANZA NUM. 407 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO AUDITORIO MUNICIPAL FUXAN OS VENTOS”

“ORDENANZA NÚM. 407 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS PARA O AUDITORIO FUXAN OS VENTOS

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación cos artigos 41 a 47, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal nas instalacións do Auditorio Fuxan os Ventos, conforme ás normas básicas reguladoras que se conteñen nesta ordenanza.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3. CONTÍA

Os importes dos prezos públicos regulados nesta ordenanza fíxanse tendo en conta o disposto no artigo 44 del TRLRFL, e serán os que figuran a continuación, os cales non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente.

Os servizos e os horarios incluídos nas tarifas indicadas son os seguintes:

- Horario xornada laboral, entre as 8 h e as 00 h, con suxeición ao Convenio colectivo autonómico de eventos, servizos e producións culturais de Galicia vixente (na actualidade máximo 9 horas/día).

- Uso do espazo autorizado, calefacción ou climatización e limpeza básica da instalación. De ser necesaria unha limpeza extraordinaria, serán facturados directamente pola empresa titular da prestación do servizo segundo os prezos de adxudicación do contrato vixentes para o Concello.

- Nas salas principal e teatro:

- Dotación de persoal sala principal:

- 1 encargada/o xeral das instalacións (Gr. III).
- 1 técnica/o de iluminación (Gr. III).
- 1 técnica/o de son (Gr.III).

- Dotación de persoal sala teatro:

- 1 encargada/o das instalacións (Gr. IV) media xornada.
- 1 técnica/o de iluminación (Gr. III).
- 1 técnica/o de son (Gr.III).

- Dotación técnica: equipamento de luz, son e maquinaria dispoñible segundo inventario do espazo, que só poderá ser usado polo persoal autorizado.

- O resto de servizos non incluídos, así como o persoal necesario para outras funcións (carga/descarga, montaxe/desmontaxe, maquinaria escénica, servizos de función, persoal de control de accesos e acomodación etc. será facturados directamente pola empresa titular da prestación do servizo segundo os prezos de adxudicación do contrato vixentes para o Concello.

- Espazos sala principal: acceso vestíbulo principal, bancadas, escenario, vestiarios e zonas e servizos comúns autorizados.

- Espazos sala teatro: acceso vestíbulo principal, bancadas, escenario, vestiarios e zonas e servizos comúns autorizados.

- Funcións adicionais/montaxes sen funcións/medias xornadas: a cesión da sala principal ou da sala teatro será para a realización dunha única función do evento ou espectáculo autorizado. Cada función adicional implicará un

sobrecusto equivalente a media xornada. Os días de montaxe sen realización de función verán reducido o seu custo, e prestaranse e liquidaranse medias xornadas técnicas de son e iluminación. Poderanse solicitar, así mesmo, medias xornadas totais para a realización destas tarefas.

- No resto de cesións de espazos:

- Auditorio completo: 1 encargado xeral das instalacións (Gr. III) + dotación de persoal da sala principal + dotación de persoal da sala teatro + 1 encargado instalacións de restauración (Gr. IV) + 1 encargado instalacións espazos expositivos (Gr. IV). Nesta modalidade non existirán incrementos nin descontos por número de funcións nin se contemplan medias xornadas.

- Zonas/Salas expositivas/Cafetería/Restauración (para cada espazo): 1 encargado das instalacións (Gr. IV). Porén, no caso de cesión de varios destes espazos simultaneamente a un mesmo solicitante, a dotación de persoal só incluírá 1 encargado xeral das instalacións (Gr. III) para todas as zonas expositivas cedidas e/ou 1 encargado xeral das instalacións (Gr. III) para as de restauración e cafeteria. No caso de cesión de varios espazos expositivos, os prezos do segundo espazo e sucesivos levarán aparellado un desconto do 30%.

- O resto de servizos non incluídos, así como o persoal necesario para outras funcións (carga/descarga, montaxe/desmontaxe, maquinaria, persoal de sala, persoal de control de accesos etc. serán facturados directamente pola empresa titular da prestación do servizo segundo os prezos de adxudicación do contrato vixentes para o Concello.

Pola prestación de servizos e a utilización do Auditorio completo (sala principal, sala teatro, vestíbulo principal, vestíbulo/tenda/sala exposicións planta baixa, zona congresos e exposicións -recepción e 6 salas-, zona restauración) en festivais, actos e outros análogos:

Tarifa por cesión do Auditorio completo:	4.000,00 €/día
--	----------------

Pola prestación de servizos e a utilización da sala principal en festivais, actos e outros análogos:

Tarifa por cesión da sala principal (montaxe e 1 función):	1.150,00 €/día.
--	-----------------

Tarifa por cesión da sala principal (montaxe e 2 funcións):	1.915,00 €/día.
---	-----------------

Tarifa por cesión da sala principal (montaxe sen función):	585,00 €/día.
--	---------------

Tarifa por cesión da sala principal (1 función, media xornada):	765,00 €/día.
---	---------------

Tarifa por cesión da sala principal (montaxe s/func. 1/2 xornada):	475,00 €/día.
--	---------------

Pola prestación de servizos e a utilización da sala teatro en festivais, actos e outros análogos:

Tarifa por cesión da sala teatro (montaxe e 1 función):	775,00 €/día.
---	---------------

Tarifa por cesión da sala teatro (montaxe e 2 funcións):	1.300,00 €/día.
--	-----------------

Tarifa por cesión da sala teatro (montaxe sen función):	400,00 €/día.
---	---------------

Tarifa por cesión da sala teatro (1 función, media xornada):	525,00 €/día.
--	---------------

Pola prestación de servizos e a utilización das salas de congresos e exposicións para presentacións, mostras, obradoiros, actos e outros análogos:

Tarifa cesión zona expositiva andar baixo:	225,00 €/día.
--	---------------

Tarifa cesión zona expositiva andar baixo c/tenda e taq.:	250,00 €/día.
---	---------------

Tarifa cesión zona expositiva andar principal c/vestíbulo:	280,00 €/día.
--	---------------

Tarifa cesión zona expositiva recepción área congresos:	215,00 €/día.
---	---------------

Tarifa cesión sala exposicións nº 1:	200,00 €/día.
--------------------------------------	---------------

Tarifa cesión sala exposicións nº 2:	205,00 €/día.
--------------------------------------	---------------

Tarifa cesión sala exposicións nº 3:	225,00 €/día.
--------------------------------------	---------------

Tarifa cesión sala exposicións nº 4:	200,00 €/día.
--------------------------------------	---------------

Tarifa cesión sala exposicións nº 5:	205,00 €/día.
--------------------------------------	---------------

Tarifa cesión sala exposicións nº 6:	225,00 €/día.
--------------------------------------	---------------

No caso de cesión de varios espazos expositivos, os prezos do segundo espazo e sucesivos levarán aparellado un desconto do 30%.

No caso de solicitude de media xornada para montaxe, os prezos dos espazos levarán aparellado un desconto do 40%.

Pola prestación de servizos e a utilización doutros espazos do Auditorio:

Tarifa por cesión zona cafetería: 300,00 €/día.

Tarifa por cesión zona restauración: 300,00 €/día.

ARTIGO 4. NACEMENTO DA OBRIGA

A obrigación de pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, sen prexuízo das exencións e bonificacións que se establecen.

ARTIGO 5. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non están obrigados ao pagamento de cantidade ningunha as actividades culturais ou actos de calquera índole, organizadas ou coorganizadas polo Concello de Lugo, ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se conceda o patrocinio municipal, mediante resolución do/a Ilmo/a. tte./a de alcaldesa titular da Área de Cultura.

A Xunta de Goberno Local, ou por razóns de urxencia a Alcaldía dando conta a esta, poderá acordar a redución e ata a condonación total das tarefas previstas para estes prezos públicos cando en atención ao seu carácter social, cultural, benéfico ou formativo dos actos se estime procedente fomentar a súa realización. O acordo que se adopte deberá ser motivado e conter os informes pertinentes.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

A autorización para a utilización do Auditorio Municipal solicitarase, cunha antelación mínima de 30 días á data do evento, a través do Rexistro Municipal mediante solicitude dirixida á Área de Cultura acompañada da documentación que conteña todos os detalles do evento ou acto que se pretende realizar conforme ao sinalado no dito modelo. En casos debidamente xustificados, este prazo poderá verse reducido previo informe do Servizo de Cultura.

Os criterios para outorgar e denegar a solicitude de autorización temporal serán:

1. Dispoñibilidade da sala.
2. O interese cultural e/ou social ou xeral da actividade e a adecuación ás finalidades do Auditorio Fuxan os Ventos e da Área de Cultura do Concello de Lugo.
3. A traxectoria/historial da entidade organizadora.
4. A compatibilidade da cesión ou do uso segundo os horarios, actividades e recursos dispoñibles.
5. A antelación coa que se presenta a solicitude

Unha vez comprobada a dispoñibilidade do espazo e a viabilidade da solicitude, será comunicada á persoa solicitante. A autorización, se é o caso, para a utilización das instalacións, será concedida por resolución do/a Ilmo/a. tte./a de alcaldesa da Área de Cultura, unha vez realizada e ingresada a correspondente autoliquidación do prezo público e trala presentación da xustificación do seu aboamento.

En ningún caso se poderán poñer entradas á venda para un evento sen ter notificada a resolución da autorización do espazo.

A renuncia á reserva do Auditorio realizada polos interesados implicará as seguintes penalizacións na devolución do importe do prezo público ingresado:

- Cando a solicitude se realice con máis de 60 días naturais de antelación á data autorizada, terá unha penalización/retención do 10% do importe do prezo público.
- Cando a solicitude se realice entre 60 e 30 días naturais anteriores á data de autorización, terá unha penalización/retención do 25% do importe do prezo público.
- Cando a solicitude se realice con menos de 30 días naturais e máis de 10, terá unha penalización/retención do prezo público do 50%.
- Cando a renuncia se produza nos 10 días anteriores á data de autorización da actividade non se producirá a devolución do importe do prezo público ingresado.

As solicitudes de cambios da data previamente autorizada, cando sexa posible a súa concesión, poderanse realizar unha soa vez, e implicarán o aboamento do 10% do importe do prezo público xa ingresado. Unha vez concedido o cambio de data, a renuncia á reserva realizada implicará a non devolución do importe do prezo público ingresado.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comenzará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os devanditos acordos son firmes na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa

publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza), se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 21 de setembro de 2026.- O secretario xeral do Pleno, Pablo Portela Fernández. A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, Ilma. Sra. dona María del Mar Carballas Piñeiro.

R. 2541

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 2026-0224, de 2 de setembro de 2026, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de AGOSTO de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil douscentos vinte e un euros con sesenta e sete céntimos (3.221,67€), correspondendo dous mil corenta e sete euros con corenta e sete céntimos (2.047,47 €) á dependencia e mil cento setenta e catro euros con vinte céntimos (1.174,20 €) á libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouro, 14 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2527

PANTÓN

Anuncio

O Pleno do Concello de Pantón, na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2026, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal número 3 reguladora da taxa polo abastecemento de auga.

O expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 151 do 4 de xullo de 2026) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pantón.

Ao non presentarse alegacións en dito período, considérase aprobado definitivamente o acordo, e faise público o texto íntegro da Ordenanza, en cumprimento do preceptuado no artigo 17 o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A disposición derradeira establece que **a modificación desta ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2027** logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa:

“ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA**Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e consonte o que dispoñen os artigos 15 a 19 e 20.4 t) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL); este Concello establece a taxa polo subministro de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento, que se regularán pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 do TRLRFL citado.

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen os feitos impositivos destas taxas:

- a) A prestación do servizo de subministro de auga potable que está reservado pola Lei en favor das Entidades Locais e considérase imprescindible para a vida privada dos usuarios do mesmo.
- b) A realización das acometidas á rede xeral municipal de abastecemento ou á rede xeral de saneamento.

Para os efectos de aplica-la taxa distínguense tres tipos de consumo:

- Usos domésticos da auga: os usos particulares que corresponden co uso da auga para beber, para sanitarios, para duchas, para cociña e comedor, para lavados de roupa e de vaixelas, para limpeza, para regas de parques e xardíns, para refrixeración e para acondicionamentos domiciliarios sen actividade industrial e con outros usos da auga que se poidan considerar consumos inherentes ou propios da actividade humana non industrial, nin comercial, nin agrícola, nin gandeira, nin forestal. No entanto, terán a consideración de usos domésticos os usos da auga destinados ás finalidades antes indicadas cando devanditos usos da auga realícense en vivendas cuxa propiedade sexa dunha persoa xurídica cuxo obxecto social ou estatutos teña por obxecto o alugueiro de vivendas a persoas físicas, salvo que devandito alugueiro sexa realizado no marco das actividades reguladas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
 - Usos industriais: os correspondentes ás actividades incluídas na Clasificación nacional de actividades económicas, aprobada por Real decreto 475/2007, do 13 de abril, agás que se asimilen a usos domésticos. O cambio na consideración dun uso de auga como non doméstico ou asimilado a doméstico en razón ao volume usado terá efectos a partir do ano natural seguinte a aquel en que o caudal utilizado alcance ou resulte inferior ao límite de consumo establecido no parágrafo seguinte. No caso de que o primeiro ano de uso ou consumo fose iniciado con posterioridade ao 1 de xaneiro, extrapolaranse os datos de uso ou consumo ao ano enteiro.

Asimílanse a usos domésticos os usos non domésticos de auga indicados no parágrafo anterior que usen un volume total de auga nun ano natural inferior aos 2.000 metros cúbicos, agás que da súa carga contaminante vertida resulte unha cota do canon da auga nesta modalidade superior nun 20% da resultante a se se aplicase na modalidade de volume.
 - Usos para obras: son os que atenden ás necesidades da construción, como elaboración de argamasas e formigóns, rego e outras.
- c) O servizo de verificación e conservación de contadores nos términos previstos no regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable do concello de Pantón.

Artigo 3º.- SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, herdanzas xacentes e demais entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais nas que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou mesmo de precario.

2.- Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados, que poderán repercutir as cotas, no seu caso, nos respectivos usuarios.

Artigo 4º.- RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- BASE IMPOÑIBLE

A base impositiva virá determinada polos m³ de auga consumida, verquida ou depurada.

Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA.

1.- Cota por subministración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base impositiva o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

1.1.- Usos domésticos:

	Trimestre
a) Cota de mantemento do servizo:	7,763 €
b) Cota de consumo:	
Entre 0 e 18 mts ³	0,087 €
Entre 19 e 30 mts ³	1,380 €
Entre 31 e 50 mts ³	2,243 €
Mais de 51 mts ³	3,278 €

Establécese unha fórmula de cálculo da tarifa por uso eficiente a aqueles titulares da subministración que acrediten o n.º de habitantes da súa vivenda mediante solicitude do aboado de acreditación do número de persoas que habitan, e que será comprobada polos servizos municipais a través do Padrón de habitantes, a cal terá validez de dous anos dende a súa presentación.

As acreditacións presentadas terán efectividade a partir do seguinte período de facturación á data de aprobación da tarifa. As modificacións, en mais ou menos habitantes que poidan modificar o anterior dereito deberán ser notificadas non momento que se produzan, tendo igualmente efecto os cambios que ocasionen dende o seguinte período á data de comunicación.

A determinación de tarifa DOMESTICA para aqueles casos que se acredite da xeito establecido o feito de que a vivenda estea ocupada por 4 persoas ou máis, establécese mediante a modificación do límite do bloque 1. A modificación do consumo aplicable ao bloque 1 se realizará de acordo coa expresión:

Límite superior bloque 1 = 3 /MES* h, sendo h o número de habitantes legalmente recoñecidos da vivenda, e sempre para un valor superior a 3.

O resto de consumo liquidarase de acordo co prezo establecido para os sucesivos bloques segundo os metros cúbicos consumidos.

Todas as solicitudes por este concepto, deberán ser renovadas cada dous anos. Caso de non se facer, o axuste quedará sen efecto.

1.2.- Usos industriais:

	Trimestre
a) Por mantemento do servizo:	7,763 €
b) Cota de consumo:	
Entre 0 e 18 mts ³	0,087 €
Entre 19 e 30 mts ³	0,575 €
Entre 31 e 50 mts ³	1,380 €
Mais de 51 mts ³	1,898 €

1.3.- Usos para obras:

	Trimestre
Cota de mantemento do servizo:	40,00 €
- Mínimo de 100 m ³ mes	0,173 €
Por m ³ que exceda do mínimo	3,795 €

A cota que se esixirá en todo caso pola prestación do servizo será a mínima establecida segundo o tipo do consumo.

No caso de paralización ou avaría dun contador, que as súas indicacións non poidan servir de base para unha liquidación correcta, liquidarase o consumo con arranxo ó que se producira en igual período no ano anterior. De

non existir este dato, tomarase a media aritmética dos dous trimestres inmediatamente anteriores segundo o procedemento descrito no Regulamento do servizo.

Os usuarios que carezan de contador aboarán unha cota trimestral de 172,50 €.

II. Outras cotas:

	Liquidación única
A) Cota acometida a rede xeral de abastecemento vivendas	115,00 €
B) Cota acometida a rede xeral de abastecemento uso industrial	143,75 €

Artigo 7º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación do Tratados Internacionais.

Artigo 8º.- DEVENGO

- 1.- O tributo considerárase devengado dende que naza a obriga de contribuír a teor do establecido no artigo 2º.
- 2.- No caso da cota tributaria polo subministro, devégase o primeiro día de cada trimestre natural. Nos casos de alta, computárase o trimestre natural completo nos que aquela se producira.
- 3.- No caso de acometida á rede xeral de abastecemento ou saneamento, devégase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se autoriza polo órgano competente a execución da acometida correspondente á solicitude de licenza de enganche formulada polo suxeito pasivo, ou dende que teña lugar a acometida efectiva se,se levase a cabo sen autorización.

Artigo 9º.

- 1.- As liquidacións polo subministro de auga potable serán aprobadas rematado cada TRIMESTRE natural polo órgano competente do Concello, unha vez confeccionados os correspondentes padróns.
- 2.- A liquidación da cota tributaria pola acometida á rede xeral de abastecemento, será aprobada polo órgano competente do Concello simultaneamente ó outorgamento da licenza de enganche. A recadación levarase a cabo, unha vez realizada a notificación ó suxeito pasivo segundo o disposto no art. 102.2 da Lei Xeral Tributaria. O prazo para o ingreso no período voluntario será o previsto no art. 62.2, 62.3 e 62.4 da Lei Xeral tributaria.

Artigo 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Con respecto á cualificación das infraccións rexerá o disposto nos artigos correspondentes do Regulamento do servizo municipal de subministración de auga potable, e para todo o relativo a cualificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa polo abastecemento de auga.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2027 logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña.

Pantón, 16 de setembro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2528

Anuncio

O Pleno do Concello de Pantón, na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2026, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal número 5 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais

O expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 151 do 4 de xullo de 2026) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pantón.

Ao non presentarse alegacións en dito período, considérase aprobado definitivamente o acordo, e faise público o texto íntegro da Ordenanza, en cumprimento do preceptuado no artigo 17 o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A disposición derradeira establece que **a modificación desta ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2027** logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa:

“ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "taxa polo servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais".

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiro municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, de augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiro municipal, e o seu tratamento para depuralas.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan:

- a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede: o propietario, o usufrutuario ou o titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos da letra b) do artigo anterior, os ocupantes ou os usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios deses servizos, calquera que sexa o seu título (propietario, usufrutuario, habitacionista ou arrendatario, incluído en precario).

2. En calquera caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderán repercutir, de ser o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsables.

Serán responsables solidarios ou subsidiarios da débeda tributaria, xunto cos debedores principais, as persoas ou as entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiro esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 115 euros.
2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de rede de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto aplicárase a seguinte tarifa:

	Trimestre
- Cota de mantemento do servizo:	3,968 €
- Abonados con servizo de abastecemento de auga: (Para os mesmos m3 facturados no servizo de abastecemento)	0,7935 €
- Abonados sen servizo de abastecemento:	5,9616 €

3. En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable polo seu abastecemento. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederán exención nin bonificación ningunha na exacción da taxa.

Artigo 7º.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, ententéndose iniciada ésta:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O reporto por esta modalidade da taxa producírase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da autorización do expediente administrativo que pode instruírse para a súa autorización.

Artigo 8º.- Declaración, liquidación e ingreso.

1. A inclusión inicial no padrón farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións da alta e a baixa no padrón de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións producirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das declaracións de alta e baixa.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

3. No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os Servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida a licenza, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9º.- Infracción e sancións.

En todo o relativo ás infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan, aplicarase o que dispón a Lei xeral tributaria.

Disposición derogatoria.

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa polo abastecemento de auga.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2027 logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña.

Pantón, 16 de setembro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2529

Anuncio

O Pleno do Concello de Pantón, na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2026, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal número 6 reguladora da taxa por recollida, tratamento e eliminación dos residuos sólidos do Concello de Pantón.

O expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 151 do 4 de xullo de 2026) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pantón.

Ao non presentarse alegacións en dito período, considérase aprobado definitivamente o acordo, e faise público o texto íntegro da Ordenanza, en cumprimento do preceptuado no artigo 17 o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A disposición derradeira establece que **a modificación desta ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2027** logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa:

“ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS DO CONCELLO DE PANTÓN**Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución, polo art. 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e o artigo 58 da lei 39/1988 reguladora das facendas locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL), o Concello de Pantón establece a Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, a que se refire o artigo 20.4 s) do TRLRFL, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos nos que se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

2.- Considerarase de carácter voluntario a prestación de servizos realizada, a pedimento de parte, para:

a) A recollida de mobles, utensilios e trastos inútiles.

b) A recollida de calquera outro produto ou material non enumerado neste artigo, que teña a consideración de residuo sólido urbano.

Artigo 3º. SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais sitos nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou precarista. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude será suxeito pasivo o solicitante ou causante da prestación.

2.- Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles nos que se preste o servizo, que poderán repercutir as cotas, no seu caso, ós respectivos beneficiarios.

Artigo 4º. RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 34 da lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA.

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa que se establece en función da natureza e destino dos inmobles.

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas anuais:

1. A TARIFA VIVENDAS URBANA E RURAL		
	Tarifa	Liquidación trimestral
Vivendas urbana	69,00 €	17,25 €
Vivendas rural	64,00 €	16,00 €
1. B. TARIFAS LOCAIS COMERCIAIS /INDUSTRIAIS		
Hoteis, Pensións, Casa rurais, Vivendas turísticas/uso turístico, Residencias ou vivendas colectivas similares (por habitación)	50,00 €	12,50 €
Restaurantes, Casas de comidas	200,00 €	50,00 €
Cafeterías, Bares e similares	110,00 €	27,50 €
Profesionais, Clínicas e Oficinas	110,00 €	27,50 €
Comercio menor e maior	110,00 €	27,50 €
Supermercados	140,00 €	35,00 €

Adegas, Talleres, Granxas	140,00 €	35,00 €
Servizos recreativos e culturais	75,00 €	18,75 €

As cotas establecidas nas tarifas teñen carácter anual e irredutible, agás o recoñecemento da bonificación prevista no seguinte apartado.

2.- Establécese unha bonificación do 50% no importe total da taxa, aplicable a aqueles suxeitos pasivos cunha renda por unidade familiar inferior ao 75% do Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM). Esta bonificación terá carácter rogado.

ARTIGO 6º.- DEVENGO DA TAXA.

a) Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando este establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliarias, nas rúas e lugares onde figuren as vivendas locais utilizados polos contribuintes suxeitos á taxa.

b) Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada mes natural, salvo que o devengo da taxa se producise con posterioridade a dita data, no cal caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

ARTIGO 7º.- RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO.

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes a data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición no padrón presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se tivera efectuado a declaración.

3.- O cobro das cotas efectuarase trimestralmente, agás no ano 2026 en que, por motivos de xestión do padrón, se manterá o sistema de cobro bimestral.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria así como as disposicións da ordenanza xeral de Xestión.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza queda derogada a anterior reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2027 logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña.

Pantón, 16 de setembro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2530

Anuncio

O Pleno do Concello de Pantón, na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2026, aprobou provisionalmente a modificación do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable do Concello de Pantón.

O expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 151 do 4 de xullo de 2026) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pantón.

Ao non presentarse alegacións en dito período, considérase aprobado definitivamente o acordo, e faise público o texto íntegro da Regulamento, en cumprimento do preceptuado no artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local:

“Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable do Concello de Pantón.**CAPÍTULO I — Normas xerais****Artigo 1. Obxecto**

1. Este regulamento ten por obxecto a regulación do servizo municipal de abastecemento de auga potable. O servizo público de abastecemento de auga constitúe un servizo esencial, reservado pola lexislación de réxime local a prol das entidades locais, de prestación e recepción obrigatoria, e intégrase polos medios materiais, que se describen no artigo 5º deste regulamento, e os persoais que se adscriban en cada momento; que se prestará polo concello mediante calquera das formas de xestión previstas pola lexislación de réxime local.

Dadas as especiais características dos asentamentos de poboación, a prestación efectiva do servizo mediante a extensión da rede pública virá condicionada polas dispoñibilidades orzamentarias e os plans de obras que anualmente se aproben xunto co orzamento municipal.

2. Denomínase usuario calquera persoa física ou xurídica que teña contratado o servizo de subministración de auga con este Concello, e fai uso del para satisfacer necesidades individuais, produtivas ou sociais.

3. Serán usos domésticos da auga: os usos particulares que corresponden co uso da auga para beber, para sanitarios, para duchas, para cociña e comedor, para lavados de roupa e de vaixelas, para limpeza, para regas de parques e xardíns, para refrixeración e para acondicionamentos domiciliarios sen actividade industrial e con outros usos da auga que se poidan considerar consumos inherentes ou propios da actividade humana non industrial, nin comercial, nin agrícola, nin gandeira, nin forestal. No entanto, terán a consideración de usos domésticos os usos da auga destinados ás finalidades antes indicadas cando devanditos usos da auga realícense en vivendas cuxa propiedade sexa dunha persoa xurídica cuxo obxecto social ou estatutos teña por obxecto o alugueiro de vivendas a persoas físicas, salvo que devandito alugueiro sexa realizado no marco das actividades reguladas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

4. Serán usos industriais ou non domésticos da auga: os correspondentes ás actividades incluídas na Clasificación nacional de actividades económicas, aprobada por Real decreto 475/2007, do 13 de abril, agás que se asimilen a usos domésticos. O cambio na consideración dun uso de auga como non doméstico ou asimilado a doméstico en razón ao volume usado terá efectos a partir do ano natural seguinte a aquel en que o caudal utilizado alcance ou resulte inferior ao límite de consumo establecido no parágrafo seguinte. No caso de que o primeiro ano de uso ou consumo fose iniciado con posterioridade ao 1 de xaneiro, extrapolaranse os datos de uso ou consumo ao ano enteiro.

Asimílanse a usos domésticos os usos non domésticos de auga indicados no parágrafo anterior que usen un volume total de auga nun ano natural inferior aos 2.000 metros cúbicos, agás que da súa carga contaminante vertida resulte unha cota do canon da auga nesta modalidade superior nun 20% da resultante a se se aplicase na modalidade de volume.

CAPÍTULO II — As obrigas e os dereitos dos usuarios**Artigo 2. Obrigas do usuario**

1. Pagar puntualmente os cargos que lle presente o Concello pola prestación dos servizos de subministración de auga, ou polos complementarios, cando sexan realizados directamente polo Concello, de conformidade coas tarifas aprobadas segundo a ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa polo abastecemento de auga.

A obrigatoriedade de pagamento esténdese aos casos en que se produzan fugas ou perdas de auga por avarías ou irregularidades na construción ou conservación das instalacións particulares do usuario, ou por calquera outra causa non imputable ao servizo municipal de auga.

2. Usar a auga corrente obxecto de subministración con suxeición ás normas contidas na lexislación aplicable, neste regulamento e no contrato, e cumprir, se é o caso, as limitacións e prioridades de uso que se dispoñan regulamentariamente.

3. Respetar as instalacións da infraestrutura do servizo, as redes de distribución e os empalmes que forman parte integrante do dominio público, e non realizar neles ningunha manipulación ou alteración sen a correspondente autorización.

4. Darlle ao persoal do Concello encargado destas tarefas os datos que lle solicite en relación ao contrato de subministración.

5. Conservar as súas instalacións particulares de xeito que non prexudiquen as redes públicas de subministración nin o funcionamento do servizo, utilízalas correctamente e respectar os precintos que garanten a integridade do contador.

6. Comunicarlle ao servizo municipal de auga calquera avaría ou irregularidade das instalacións de subministración de auga que poida afectar o funcionamento normal do servizo.

7. Permitirlle ao empregado municipal encargado deste cometido o acceso ás instalacións ou locais onde sexa necesario desenvolver traballos relacionados coa lectura do contador e coa inspección ou reparación das instalacións.

8. Solicitalle ao servizo municipal de auga a autorización para calquera modificación nas súas instalacións particulares que comporte variación no número de usuarios ou cambio no uso da auga.
9. Se nun mesmo inmovible existe, ao par do servizo público de subministración, auga doutra orixe, o usuario disporá a súa instalación interior de xeito que a súa auga particular non poida entrar na rede xeral.
10. Instalar á súa costa un contador para cada unha das dependencias dun mesmo edificio ou construción, cando se contraten por un mesmo titular distintos usos.

Artigo 3. Dereitos do usuario

1. Acceder ao servizo en condicións de igualdade unha vez que reúna as condicións e requisitos sinalados por este regulamento.
2. Utilizar o servizo con carácter permanente, a non ser por razóns de forza maior, e dispor nas súas instalacións de auga dos requisitos hixiénico-sanitarios e das condicións técnicas de presión axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable, agás a previsión contida no artigo 30.
3. Ser informado polo servizo municipal de augas de todas as cuestións que atinxen á prestación do servizo e recibir contestación por escrito ás consultas que presente con ese carácter.
4. Presentar as queixas ou reclamacións que xulgue oportunas en relación coa prestación do servizo, de conformidade co procedemento que recolle este regulamento, e obter contestación a elas.
5. Recibir factura-recibo do prezo de subministración de auga de conformidade coas tarifas legalmente aprobadas.
6. Obter unha copia do contrato ou póliza de subministración.

Artigo 4. Prohibicións que atinxen ao usuario

Os usuarios non poderán:

- a) Utilizar auga, ben sexa con carácter permanente ou con carácter temporal, para outros locais ou vivendas diferentes dos recollidos no contrato.
- b) Realizar calquera operación que teña por finalidade que o consumo de auga non sexa rexistrado polo contador ou equipo de medición.
- c) Utilizar a auga para fins distintos dos que foron obxecto de contrato.
- d) Pór nos encanamentos de subministración, sen a autorización previa do servizo municipal de auga, bombas ou calquera outro aparello que modifique ou afecte as condicións da rede de distribución e que poida interferir no servizo prestado a outros usuarios.
- e) Causar fugas de auga con carácter intencionado ou por neglixencia.
- f) Crebar os precintos dos contadores ou equipos de medición, ou fedellar neles.

CAPÍTULO III — As instalacións públicas do servizo

Artigo 5. Elementos materiais da rede pública de subministración

1. A rede de alta. Abrangue as obras hidráulicas de captación, elevación, estación de tratamento, depósitos de almacenamento -que poden ser de cabeceira, de cola ou reguladores-, edificios, dispositivos electromecánicos, encanamentos, conducións mestras e sistemas de regulación e control.
2. A rede baixa. Abrangue a rede de distribución necesaria para a subministración aos usuarios e está integrada por canos, arquetas, pezas especiais e bocas de rego e incendios. A rede de baixa pode ser de distribución primaria e secundaria.

A rede de distribución primaria é a que está integrada polos canos que enlazan diferentes sectores das áreas abastecidas, e nela non se poden realizar empalmes.

A rede de distribución secundaria é a que está integrada polos canos que discorren ao longo dunha vía pública ou de terreo privado -neste caso, tras a constitución da correspondente servidume-, e dela derivan os empalmes.

3. O empalme ou acometida. É o ramal ou derivación que sae da rede de distribución secundaria máis próxima e leva a auga ao pé do inmovible ou á estrema do terreo a onde vai ser subministrada.

Artigo 6. Empalme ou acometida

1. O empalme estará formado por un cano único de características axeitadas ao volume de auga servido e disporá cando menos dunha chave de corte exterior situada nunha caixa na vía pública por diante do inmovible ou terreo, e o máis achegada posible a el.
2. O empalme disporá dos seguintes elementos:
 - a) O dispositivo de toma, que vai sobre o cano da rede de distribución secundaria e abre o paso do empalme.
 - b) O ramal ou treito de encamento, que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) A chave de rexistro, que vai ao final do ramal do empalme, na vía pública e achegada á estrema do inmovible ou terreo.

A chave de rexistro constitúe o límite entre as instalacións públicas do servizo e as interiores do usuario e, xa que logo, precisa ata onde chegan as obrigas respectivas de mantemento e reparación por parte do concesionario e do usuario.

CAPÍTULO IV — A solicitude de conexión ao servizo

Artigo 7. Requisitos da solicitude de conexión ao servizo

1. A solicitude de conexión ao servizo deberá conter, como mínimo, e para os efectos de notificacións, o nome e apelidos do petionario ou a súa razón social, NIF ou CIF, o enderezo e mais o teléfono. A esta información tamén lle haberá que engadir o enderezo do local ou inmovible para o que se pide a subministración e o uso ao que se destinará a auga.

2. A solicitude de conexión á rede de distribución deberá conter a seguinte documentación:

- a) Se é para un inmovible novo, a licenza de primeira ocupación e o boletín de instalación de fontanería.
- b) Se é para unha obra, a licenza urbanística para a súa construción.
- c) Se é para a industria ou comercio, a licenza municipal de apertura, alta no imposto de actividades económicas e o boletín de instalación de fontanería.
- d) En calquera caso, unha copia do título que ampare o dereito de uso do inmovible ou local.

Deberase presentar unha solicitude independente para cada inmovible que física ou legalmente constitúa unha unidade de edificación.

3. A casa que ten un só portal constitúe unha unidade de edificación. No caso de que teña varios, a unidade de edificación virá constituída por cada unha das partes dela que teña portal propio. Se un edificio ou construción ten máis dun acceso, o Concello poderá decidir a realización dun empalme independente por cada un deles.

4. Se a criterio do servizo municipal de auga existe unha causa que o xustifique, o titular do uso dun local comercial ou industrial situado no baixo dun inmovible poderá solicitar e obter un empalme independente para o seu local. En todo caso deberá contar con contadores independentes aínda que pertencen a un mesmo titular.

O subministro de auga potable aos edificios e instalacións municipais e aos centros ou servizos dependentes do Concello non estarán suxeitos ao pagamento por dito concepto, con independencia das liquidacións que por IVE se realicen polos autoconsumos, establecéndose para tal efecto un padrón específico. Non se incluírán neste apartado os servizos que estean baixo acordo de xestión privada.

Artigo 8. Presentación da solicitude de conexión

A conexión da nova toma ou acometida á rede farase mediante solicitude dos interesados nas oficinas municipais.

Artigo 9. Causas de denegación da conexión

O servizo municipal de auga poderá denegar a conexión cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que o solicitante non presente a documentación esixida.
- b) Que o inmovible non estea situado na área de cobertura do servizo.
- c) Que o inmovible non conte coas instalacións interiores axeitadas por non se axustaren a este regulamento ou á normativa técnica aplicable.
- d) Que algunha parte das instalacións xerais que é preciso ampliar para a realización do empalme ou acometida teña que discorrer por terreos privados e o solicitante non xustifique a existencia da servidume correspondente inscrita no rexistro da propiedade.
- e) Que a presión da auga no punto de conexión non sexa abondo para a subministración correcta do servizo, a non ser que se poña por conta do solicitante o grupo de elevación ou mecanismo necesario para corrixir a devandita deficiencia. O Concello poderá autorizar a conexión se o solicitante asume, mediante declaración expresa, as consecuencias da falta de presión.
- f) Que a presión da auga no punto de conexión sexa excesiva para a subministración correcta do servizo, a non ser que se poñan por conta do solicitante as medidas de redución axeitadas.

Artigo 10. A realización das obras de conexión

Todos os traballos de acometidas ata a chave de paso, incluída a instalación desta, serán realizados polo solicitante do servizo e ao seu cargo; o persoal municipal dirixiraos e inspeccionaraos, coidando que as obras feitas, peza de toma, chaves, arquetas e demais material empregado na execución de ditas acometidas cumpran con todas as esixencias do bo funcionamento do servizo e normas establecidas para cada uso.

A conservación destas acometidas en perfecto estado de funcionamento e as reparacións a que houbera lugar serán por conta do usuario, podendo impoñelas o Concello, previo requirimento a tal efecto logo de comprobar o estado das mesmas.

As instalacións interiores das fincas serán efectuadas por persoal alieo ao Concello, sendo responsables os propietarios das mesmas dos danos e prexuízos que poidan producirse ou ocasionar, por calquera causa, derivada de tal instalación.

Artigo 11. Conexións provisionais

1. Excepcionalmente, o servizo municipal de auga poderá conceder conexións provisionais vinculadas á realización de obras. Estas tomas de auga enténdense outorgadas en precario e ríxense, á parte das normas xerais que lles sexan aplicables, polas condicións particulares que se sinalen en cada caso.

2. A toma de auga outorgada con destino á realización dunha obra non se poderá usar, en ningún caso, para vivendas ou locais. O construtor está obrigado a comunicarlle ao servizo municipal de auga a finalización da obra, e daquela a conexión provisional quedará automaticamente sen vixencia. Por esa razón, o uso que se faga da toma de auga a partir desa data rexerá polas condicións xerais de subministración e polas que lle sexan aplicables en función da súa finalidade.

3. O construtor que solicite a conexión provisional con destino á realización dunha obra responderá solidariamente, xuntamente co usuario real, do pagamento do prezo da auga consumida.

Artigo 12. Conservación e ampliación do empalme ou acometida

1. Os traballos de manexo, amaño e modificación dos empalmes ou conexións son por conta do usuario e revisados polo operario municipal encargado deste cometido.

2. Se un inmovible amplía o número de vivendas ou locais e o empalme non fose suficiente para a normal satisfacción das novas necesidades creadas, a persoa interesada solicitaralle ao servizo municipal de auga a substitución ou modificación do empalme preexistente por outro axeitado. Os gastos serán por conta do usuario.

Artigo 13. Conexión inutilizada

Cando se finalice ou suspenda o contrato de subministración, a conexión quedará a disposición do usuario. Pero se este non lle comunica ao servizo municipal de auga, no prazo de vinte días e de maneira fidedigna, a intención de que lla retire da vía pública, e non deposita simultaneamente os gastos que comporte dita operación, enténdese que renuncia a ela.

Neste caso o servizo municipal de auga poderá adoptar, no tocante ao citado empalme, as medidas que coide oportunas.

Artigo 14. Pequenas extensións e modificacións da rede de subministración

1. As pequenas extensións da rede de subministración necesarias para dotar de auga edificacións novas (ou vellas que non estean na área de cobertura do servizo) serán por conta do usuario e integraranse na rede pública.

Por regra xeral, enténdese por pequenas extensións da rede as obras que sexan necesarias cando se dea calquera das seguintes circunstancias:

a) Que non exista rede de distribución na vía pública situada á beira do inmovible, sempre que a distancia sexa inferior a 200 metros.

b) Que existan redes de distribución secundaria na vía pública que discorra á beira do inmovible, pero a nova conexión comporte unha baixada de presión ou de caudal apreciable, sendo por iso preciso conectar coa rede primaria municipal, aumentar a sección da secundaria, ou instalar equipo de presión.

2. Se a rede de subministración existente nunha área urbana determinada non permite satisfacer adecuadamente o consumo que xeren as novas solicitudes de conexión, o Concello aprobará o correspondente proxecto técnico de modificación da rede que faga posible a correcta subministración.

Se para realizar unha nova conexión é preciso facer unha prolongación da rede de distribución, o Concello aprobará o correspondente proxecto técnico de ampliación.

As obras de modificación e ampliación mencionadas serán executadas polo Concello con suxeición ao proxecto e orzamento aprobado por este.

3. As obras de ampliación da rede recorrerán, por regra xeral, por terreos de dominio público. De se tratar de terreos privados, os donos deberán pór á libre disposición do Concello unha franxa de 3,00 m de ancho ao longo do percorrido da rede ou constituír unha servidume a favor do Concello, que será inscrita no rexistro da propiedade.

4. Como as instalacións resultantes das obras de modificación ou implantación da rede mencionadas son de titularidade pública, o Concello poderá autorizar as conexións a ela dos empalmes existentes con anterioridade á realización das obras.

Artigo 15. Urbanizacións e unidades de execución

1. As instalacións das redes de subministración propias de urbanizacións, de novas rúas ou de unidades de execución serán realizadas polo promotor con suxeición ao proxecto de urbanización aprobado polo Concello.

Enténdense por urbanizacións e unidades de execución os terreos nos que a actuación urbanística requira a creación, modificación ou ampliación da infraestrutura viaria e de servizos, tanto se as obras se realizan para a conexión entre os distintos terreos nos que se divide a unidade como se non, para conectar o polígono con outra área xa urbanizada e con servizos.

2. A autorización de conexións á rede de subministración de auga para polígonos ou urbanizacións está suxeita ao cumprimento das seguintes condicións previas:

a) As redes interiores de distribución de auga deberán ser proxectadas por técnico competente e aprobadas polo Concello.

b) As obras e instalacións serán executadas por conta do promotor ou propietario baixo a dirección de técnico competente e de conformidade coas normas técnicas aplicables.

c) Durante a realización das obras, ou antes da súa recepción, o Concello poderá esixirlle ao promotor ou propietario as probas e ensaios que xulgue convenientes para garantir a idoneidade da execución e o cumprimento das normas de calidade dos materiais. Estas probas e ensaios serán por conta do promotor ou propietario da urbanización.

O enlace das redes interiores coas exteriores que forman a rede pública de subministración e o reforzamento ou modificación destas últimas que teña a súa orixe na nova demanda creada pola urbanización ou polígono serán definidos no proxecto de urbanización e executados polo promotor ou dono da urbanización, baixo a dirección de persoal municipal.

3. Logo de que se rematen as instalacións, estas serán verificadas polo Concello; se as atopa conformes, levarase a cabo a súa incorporación á rede pública.

4. A realización da conexión á rede de subministración de auga das edificacións e terreos da urbanización esixirá a previa contratación da subministración.

CAPÍTULO V — As instalacións interiores**Artigo 16. Instalacións interiores**

1. Enténdese por instalacións interiores do servizo as existentes en cada inmovible ou terreo a partir da chave de rexistro, e que forman parte integrante del.

2. As instalacións interiores de subministración de auga deberán ser realizadas por un técnico autorizado e axustaranse ás normas legais de aplicación.

Artigo 17. Inspección das instalacións interiores

1. As instalacións interiores dun inmovible realizadas polo usuario estarán suxeitas á inspección do Concello respectivo coa finalidade de comprobar se foron executadas conforme ás normas legais e técnicas aplicables.

2. Cando as instalacións interiores non se axusten ás normas citadas, o Concello denegará a conexión, se é o caso; o Concello suspenderá a subministración de auga, e comunicarllo ao interesado para que corrixa as deficiencias rexistradas no prazo que se lle sinala.

Artigo 18. Conservación das instalacións interiores

1. O usuario será responsable da conservación e mantemento das instalacións interiores do servizo e estará obrigado a amañar pola súa conta os danos e avarías que sufran. As reparacións deberanse realizar no prazo máximo de cinco días naturais desde que se produza o dano ou avaría.

2. Se o estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmovible ou terreo constitúe un perigo para a seguridade das persoas ou unha ameaza de dano inminente para as cousas, o Concello poderá suspender a subministración de auga de xeito inmediato, notificándolle así mesmo ao usuario.

3. Cando exista perigo de danos inminentes e graves para as persoas ou para as cousas derivado do estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmovible, o Concello poderá realizar por si mesmo as obras imprescindibles para evitalo e poderá facer repercutir no usuario responsable os gastos orixinados. O Concello está obrigado a comunicarlle a realización das obras ao usuario.

CAPÍTULO VI — Os contadores**Artigo 19. A medición do consumo de auga**

1. A medición do consumo de auga que servirá de base á facturación realizarase por medio de contadores.

Os contadores ou medidores de caudais do subministro de auga potable serán dos tipos aprobados ou homologados polas Delegacións de Industria ou organismos similares e estarán debidamente verificados. Serán propiedade dos abonados ao servizo.

2. Toda vivenda unifamiliar ou local en que se realicen actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servizos disporá dun contador individual que será propiedade do usuario.

Se nun inmovible hai máis dunha vivenda ou local, cada un deles disporá dun contador independente, sen prexuízo do que corresponda para os servizos comúns.

3. Nas comunidades de propietarios con contador xeral, a facturación mínima esixible (e, se é o caso, a cota de mantemento) será a que resulte de multiplicar os valores correspondentes a cada vivenda polo número de vivendas e locais que constitúan o inmovible, ao que haberá que sumarlle o que corresponda aos servizos comúns.

4. Cando nun local coexistan varias clases de usos, poranse contadores independentes para cada un deles; pero, se por razóns técnicas soamente puidese haber un, o consumo total será facturado conforme á tarifa máis alta das aplicables.

Artigo 20. Situación ou posición dos contadores

1. Os contadores estarán situados nun lugar axeitado e accesible, preto da chave de paso, á altura do baixo e na parte de fóra do inmovible.

2. No caso de vivendas colectivas, os contadores irán nun compartimento ou caixa, en sistema de batería, no baixo do inmovible e nunha zona de uso común con acceso directo desde o portal de entrada.

3. A modificación da situación ou posición do contador será por conta do usuario.

Artigo 21. Situación ou posición dos contadores

A colocación dos contadores e os gastos da mesma serán por conta do usuario.

Artigo 22. Conservación dos contadores

1. É obriga do usuario conservar e manter o contador en perfecto estado de funcionamento.

2. O contador só poderá ser obxecto de manipulación polo fontaneiro municipal.

3. Cando se comprobe a existencia de irregularidades ou avarías no contador, o fontaneiro municipal requirirá ao usuario para que leve a cabo a reparación ou substitución. Transcorrido ese prazo sen que o fixese, o Concello estará facultado para suspender a subministración de auga potable a domicilio. Esta inspección poderá levarse a cabo por persoal municipal ou mediante contrato con empresa capacitada.

Artigo 23. Verificación de contadores

1. Se un usuario xulga que o volume de auga realmente consumido non se corresponde co rexistrado no contador, poderá solicitar a súa revisión. Para ese efecto o usuario deberá aboar a taxa por verificación aprobada polo Concello.

CAPÍTULO VII — Contratación da subministración

Artigo 24. Suxeitos do contrato

1. O contrato de subministración de auga formalizarase entre o Concello e o titular do dereito de uso do inmovible ou local ao que se lle vai facer o servizo.

2. Se o contratante é o arrendatario ou un posuidor precarista, precisará da autorización do dono do inmovible. Esta autorización comportará que o dono asume, ante o Concello, a responsabilidade solidaria das obrigas derivadas do contrato de subministración.

3. Se o solicitante do servizo é unha comunidade de propietarios, excepcionalmente poderase subscribir un só contrato de abastecemento para toda a edificación, a excepción dos locais comerciais que, en todo caso, terán contratos unitarios. Nestes casos, será a comunidade quen responderá ante o Concello do cumprimento do contrato. O mínimo de abono obrigatorio ou cota de servizo para a edificación será o que corresponda ao contador xeral instalado, tendo en conta a suma dos que correspondan ao número de vivendas que constitúen a comunidade.

4. Cando a subministración de auga sexa con destino a unha obra, o solicitante será o titular da licenza urbanística.

Artigo 25. Incapacidade para contratar

Están incapacitadas para contratar o servizo de subministración de auga as persoas que xa foran usuarias del con anterioridade e desen lugar á suspensión ou resolución do contrato por incumprimento das súas obrigas. Cesará a incapacidade se a persoa á que lle afecta -ou calquera outra en nome dela- cumpre as obrigas que motivaron a suspensión ou resolución do contrato.

Artigo 26. Obxecto do contrato

1. Os contratos de subministración de auga referiranse a unha vivenda, local, industria ou obra que constitúa unha unidade independente.

2. A subministración de auga enténdese adscrita ao uso para o que se conveu e non se pode dedicar a outros fins.

Artigo 27. Duración do contrato

O contrato sinalará o prazo de vixencia da subministración e entenderase prorrogado tacitamente polo mesmo período, a non ser que con tres meses de antelación o usuario lle advirta ao servizo municipal de auga, de xeito expreso e por escrito, o seu desexo de dalo por rematado.

Artigo 28. Cambio de usuarios

Cando se produza un cambio de titularidade no dereito de uso do inmovible ou industria obxecto de subministración, o novo titular deberallo comunicar ao Concello no prazo dun mes coa finalidade de facer un novo contrato e pagar as taxas correspondentes pola formalización do contrato de subministración segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa de subministración de auga.

Artigo 29. Forma de pago

1. O contrato de subministración de auga formalizarase por escrito con suxeición aos modelos aprobados polo Concello.

2. O texto do contrato deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Concreción, claridade e sinxeleza na súa redacción, con posibilidade de comprensión directa sen remisións a textos ou a documentos que non se acheguen co contrato e non se lle entreguen simultaneamente ao usuario, aos cales, en calquera caso, se deberá facer referencia expresa no documento contractual.

b) Exclusión de repercusión sobre o usuario de fallos, defectos ou erros administrativos, bancarios ou de domiciliación de pagamentos que non lle sexan directamente imputables, ou de servizos que no seu día se lle ofreceron de balde.

c) Exclusión de adquisición obrigada de bens, servizos ou mercadorías complementarios ou accesorios non utilizados.

d) Exclusión da inversión da carga da proba en prexuízo do usuario.

CAPÍTULO VIII — Condicións da subministración de auga**Artigo 30. Garantía de presión e caudal**

1. O Concello está obrigado a prestar o servizo de subministración de auga á altura do rasante da vía pública pola que cada inmovible teña a súa conexión.

2. Se as condicións técnicas da subministración (presión e/ou caudal) non son suficientes para satisfacer as necesidades do usuario, este deberá realizar pola súa conta e cargo as instalacións necesarias para conseguir aquelas condicións, recorrendo a sistemas e materiais que estean homologados pola administración.

Artigo 31. Continuidade do servizo

Non sendo por causa de forza maior ou avarías nas instalacións públicas, o Concello ten a obriga de manter permanentemente o servizo nas condicións sinaladas no artigo anterior.

Artigo 32. Suspensións temporais do servizo

1. O servizo municipal de auga poderá suspender temporalmente o servizo nos seguintes casos:

a) Cando sexa imprescindible para realizar traballos de mantemento, de reparación ou de melloras nas instalacións públicas.

b) No suposto de perda das condicións de potabilidade da auga que comporte un risco para a saúde dos usuarios.

c) Por causas de forza maior.

2. Cando se produzan cortes previstos e programados, o Concello deberá preavisar aos usuarios, cando menos con vinte e catro horas de antelación, por medio de anuncios nun medio de comunicación ou nos lugares públicos de costume. O preaviso advertirá da duración prevista da interrupción.

Artigo 33. Reservas de auga

1. Sen prexuízo do que dispoña a normativa específica aplicable, os usuarios que desenvolvan actividades industriais, comerciais ou de servizos nas que se precise a auga de xeito ininterrompido e inescusable para preservar a saúde pública e a seguridade das persoas e dos bens deberán dispor, previa autorización municipal, de depósitos de reserva con capacidade de abondo e adoptar as medidas precisas para garantir a continuidade das citadas actividades.

2. A mesma obriga lles compete aos usuarios que destinen a auga ao funcionamento de aparellos ou instalacións industriais que se poden ver danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución na subministración, de xeito que deben asegurar o seu autoabastecemento cando menos durante 48 horas.

3. O Concello non é responsable dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia de que os usuarios non cumpran as obrigas previstas nos dous apartados anteriores.

Artigo 34. Restrición na subministración

1. O servizo de subministración de auga corrente ten por finalidade satisfacer as necesidades da poboación, e preferentemente as derivadas dos usos domésticos. A utilización da auga para outras finalidades estará suxeita a que as necesidades de abastecemento da poboación o permitan.

2. Sen prexuízo do que dispoña a normativa legal aplicable, o Concello poderá restrinxir ou suspender a subministración de auga para usos non domésticos, sen que iso comporte ningunha obriga de indemnización. Neste caso o Concello está obrigado a informar a través dos medios de comunicación aos usuarios das medidas que se van adoptar, da data de iniciación, da duración previsible e das razóns que as motivan.

CAPÍTULO IX — Lecturas, consumos e facturación**Artigo 35. Periodicidade da lectura e facturación**

1. O servizo municipal de auga está obrigado a manter un sistema de lectura dos contadores que sexa permanente e periódico.

2. A facturación de consumo realizarase de conformidade coa regulación prevista na ordenanza reguladora da taxa pola prestación deste servizo.

Artigo 36. Lecturas

1. Para a práctica da lectura dos contadores, levarase a cabo en soporte informático o padrón de abonados do servizo municipal de auga, no que se incluírán todos os datos persoais e de subministro que permitan a correcta identificación, lectura e facturación.

2. Cando por causas alleas ao Concello non fose posible facer a lectura dun contador, o empregado deixará aviso da súa visita por medio dunha nota que recollerá aquela circunstancia e coa que se acompañará un impreso de lectura.

Neste caso, o usuario cubrirá por si mesmo o impreso de lectura e deberállelo devolver ao Concello no prazo dos seis días seguintes á visita do lector. Os impresos de lectura recibidos polo Concello despois dese prazo poderán ser considerados nulos, e daquela a facturación realizarase estimativamente en función dos consumos liquidados nos doce meses anteriores (mínimos previstos na ordenanza).

Artigo 37. Determinación do consumo

1. O consumo de cada usuario determínase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

2. O persoal municipal encargado deste cometido soamente terá en conta para a facturación a medición resultante do contador debidamente homologado e instalado.

3. As fugas de auga que se produzan nas instalacións interiores e sexan rexistradas polo contador serán facturadas ao usuario de acordo coas tarifas correspondentes.

4. Se o fontaneiro municipal detecta a través da lectura do contador consumos desproporcionados ou fóra do común, comunicarllo ao usuario para que faga as comprobacións oportunas nas súas instalacións interiores.

Artigo 38. Consumos calculados

O servizo municipal de auga confeccionará os recibos por consumo de auga efectuado polos abonados, a continuación da lectura do correspondente contador.

As cantidades a facturar obteranse das anotacións de lectura e, para lograr a súa cota, multiplicarase o consumo de auga detectado polo importe das tarifas que se atopen en vigor en cada momento no Concello, incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido vixente.

En caso de desconformidade co recibo que se lle facture, o abonado poderá presentar recurso de reposición ante a Alcaldía ou órgano municipal que aprobase a liquidación.

Artigo 39. Facturas e recibos

As facturas e recibos emitidos polo Concello deberán levar, cando menos, os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, DNI ou NIF do usuario.
- b) Enderezo do inmovible obxecto de subministración.
- c) Enderezo ao que se dirixe a notificación, se é distinto do anterior.
- d) Tarifa aplicada.
- e) Lecturas do contador que determinan o consumo, xunto coas datas das mesmas que definen o prazo de facturación.
- f) Indicación diferenciada dos conceptos que se facturan.

g) Importe dos tributos que se aplican.

h) Importe total dos servizos prestados.

Artigo 40. Forma de pagamento das facturas e recibos

1. O usuario poderá pagar o importe da factura emitida nas entidades de crédito autorizadas por aquel.

2. O pagamento de recibos periódicos realizarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria.

3. No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias por causa imputable ao usuario, serán por conta deste tanto os gastos orixinados pola dita devolución como a liquidación de xuros de mora correspondentes.

Artigo 41. Anuncio e prazo de pagamento e vía de constrinximento

a) Inicio do período voluntario.- Unha vez feito público o período voluntario de cobro, o servizo municipal de auga procederá á recadación dos recibos emitidos aos abonados do servizo. O período voluntario de cobranza será de dous meses.

b) Iniciación da vía recadatoria en vía de constrinximento.

A falta de pagamento polo abonado no prazo do apartado a) dará lugar á incoación do expediente para proceder ao corte de subministración de auga, previo cumprimento dos requisitos legais esixibles, e os que regulamentariamente estean establecidos en cada momento, nomeadamente os previstos no artigo 44.

Ao mesmo tempo, a falta de pagamento no momento e prazos fixados motivará a apertura do procedemento de recadación de constrinximento, unha vez transcorridos dous meses desde o seu vencemento, sen que se teña podido conseguir o seu cobro a pesar de se teren realizado as xestións oportunas.

Artigo 42. Corrección de erros na facturación

1. O usuario poderá obter do Concello calquera información tocante ás lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, a calquera cuestión relacionada coa subministración de auga.

2. Nos casos en que por erro imputable ao Concello se facturasen cantidades inferiores ás realmente debidas, o usuario terá dereito a que se lle fraccione o pagamento das diferenzas ao longo dun período de tempo igual a aquel ao que se refiren as facturacións erróneas, ata o máximo dun ano.

3. Cando o usuario lle presente ao Concello unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de xeito breve e claro os conceptos e fundamentos nos que se base e achegará os xustificantes de pagamentos e calquera outra documentación que corresponda.

O Concello deberá resolver as reclamacións de devolución dos usuarios por ingresos indebidos o máis axiña posible, e en calquera caso no prazo máximo dun mes desde que llas presentasen.

4. O usuario ten dereito a que o Concello lle devolva os ingresos que percibira de xeito indebido. A devolución deberase realizar no período máximo de dous meses desde que se comprobe o erro que os orixinou.

CAPÍTULO X — Suspensión e extinción da subministración

Artigo 43. Causas de suspensión da subministración

1. O Concello poderá suspender a subministración de auga aos usuarios polas seguintes causas:

a) Por falta de pagamento da facturación por subministración de auga, transcorrido o prazo de tres meses desde que rematase o período de pagamento en vía voluntaria.

b) Por inexistencia de contrato que ampare a subministración.

c) Por falta de pagamento dunha liquidación firme por fraude no uso da auga, transcorrido o prazo de quince días desde que lle fose presentada para o seu cobro.

d) Por mor de que o usuario poña nas súas instalacións de subministración, sen autorización do Concello, bombas ou calquera outro aparello que poida afectar a rede de distribución do seu contorno e o servizo prestado a outros usuarios.

e) Por mor de que o usuario derive ou permita a derivación de auga desde as súas instalacións a outros inmobles, terreos, edificacións ou locais diferentes dos sinalados no contrato.

f) Por mor de que o usuario non lle permita a entrada no seu inmovible ou local ao persoal autorizado polo Concello, para revisar ou inspeccionar as instalacións. A negativa do usuario a permitir a entrada constatarase ante dúas testemuñas ou un axente da autoridade.

g) Por mor de se atoparen derivacións clandestinas de auga desde as instalacións da rede pública de subministración. Enténdese por derivacións clandestinas as realizadas sen contrato nin autorización do Concello. Nestes casos, o Concello poderá suspender a subministración de xeito inmediato.

h) Por mor de que o uso que lle dea á auga o usuario ou o estado das súas instalacións interiores poidan afectar negativamente as condicións de potabilidade na rede de distribución. Neste caso o servizo municipal de auga poderá suspender a subministración de xeito inmediato.

i) Por mor de que o usuario non cumpra a orde de modificación das condicións da caixa do contador, de substitución do contador ou de reparación das instalacións interiores para adecualas ás condicións regulamentarias.

j) Por non ser posible a lectura do contador durante tres períodos de facturación consecutivos.

k) Por negligencia grave do usuario na conservación das súas instalacións.

l) Por utilización inapropiada da auga doméstica para regar ou para outros usos diferentes dos contratados, sempre e cando a facturación supere o 150% do mínimo que lle correspondería ao uso autorizado.

m) Por infracción das restricións ou prohibicións de usos da auga legalmente adoptadas.

2. A potestade de suspensión da subministración enténdese sen prexuízo das outras accións legais que sexan procedentes para esixirlles aos usuarios as responsabilidades en que puidesen incurrir.

Artigo 44. Procedemento de suspensión da subministración

1. O Concello está autorizado para a suspensión da subministración nos casos que prevé este regulamento.

2. O Concello deberá notificarlle previamente e por escrito ao usuario as causas en que se basea a suspensión.

Advertiralle expresamente ao usuario que, se no prazo mínimo de tres días e máximo de dez días contados desde que reciba a notificación non desaparecen aquelas causas, levará a efecto a suspensión da subministración.

A notificación da suspensión conterá os seguintes datos: a) nome e enderezo do usuario; b) nome e enderezo do inmovible afectado; c) data a partir da que se producirá ou, se fose o caso, se produciu, a suspensión; d) as causas que motivan a suspensión.

3. O Concello reporá a subministración no mesmo día ou no seguinte a aquel no que se corruxaron as causas en que se baseara a suspensión.

4. Transcorridos tres meses desde que se producise a suspensión sen que o usuario emendase as causas que a motivaron, o Concello poderá resolver unilateralmente o contrato, sen prexuízo dos dereitos que lle correspondan por facturacións pendentes.

Artigo 45. Extinción da subministración

1. A subministración de auga extinguirase:

a) Por pedimento do usuario.

b) Por pedimento do dono do inmovible, aínda que non sexa o usuario, sempre que probe que este perdeu o dereito de uso do inmovible.

c) Por derrubamento, destrución ou modificación substancial do inmovible ao que estaba destinada a subministración.

d) Por decisión do servizo municipal de auga nos seguintes casos: 1) no suposto de que o beneficiario do servizo non teña a calidade de usuario, isto é, non dispoña de contrato de subministración ao seu nome; 2) por cambio do uso ao que está destinada a subministración.

e) Por resolución da administración pública competente, a pedimento do Concello, nos seguintes casos: 1) cando o uso da auga ou as condicións das instalacións interiores do inmovible comporten perigo para a seguridade da rede, para a potabilidade da auga ou para bens de terceiros, e se trate de irregularidades non emendables; e 2) cando o usuario incumpra as condicións do contrato de subministración.

2. Se o órgano municipal competente non se pronuncia expresamente no prazo de dous meses desde que se solicite por escrito a resolución do contrato, contados desde o día seguinte ao do rexistro da mesma no xeral do Concello, enténdese aceptada a extinción da subministración.

CAPÍTULO XI — Infraccións fraudulentas, inspección e responsabilidade

Artigo 46. Infraccións fraudulentas

Constitúen infraccións fraudulentas:

a) A inexistencia de contrato que ampare a subministración de auga.

b) A manipulación do contador ou equipo de medición de consumo de auga.

c) A existencia de derivacións do caudal antes do equipo de medición.

d) A utilización da auga para usos diferentes dos contratados, con prexuízo na facturación por aplicación doutra tarifa.

Artigo 47. Inspección

1. Cando o servizo municipal de auga teña coñecemento da realización dunha infracción fraudulenta por parte do usuario, requiriralle por escrito que a corrixa no prazo mínimo de tres días e máximo de dez días, e advertiralle que, transcorrido o devandito prazo sen que o fixese, suspenderá a subministración de auga.

Artigo 48. A liquidación por fraude

1. Cando non exista contrato que ampare a subministración, o servizo municipal de auga liquidará unha facturación por fraude que tome como base a capacidade nominal do contador que corresponda ás instalacións de que se trate, cun tempo mínimo de oito horas diarias de utilización durante o prazo que vai desde a adquisición do dereito de uso do inmovible ata que se emende a existencia da fraude. En calquera caso, a duración mínima dese prazo non será nunca inferior a un mes nin superior a seis meses.

2. Cando a fraude consista na manipulación do contador ou equipo de medición, o servizo municipal de auga liquidará unha facturación que tome como base a capacidade de medida do caudal nominal cun tempo mínimo de oito horas diarias de utilización desde a data da última verificación oficial do contador. A duración mínima dese prazo non será inferior a un mes nin superior a un ano. Descontaranse da liquidación os consumos correspondentes a ese período que xa foran aboados polo usuario.

3. Se a fraude consiste na derivación de caudais de auga antes do equipo de medición, a liquidación realizarase como no apartado 1 anterior e sen que se desconte a auga medida polo contador.

4. Cando se utilice a auga para outros usos diferentes dos contratados, con prexuízo na facturación, a liquidación realizarase aplicándolle ao volume de auga consumido a diferenza entre a tarifa correspondente ao uso real da auga e a contratada durante o período de que se trate. Este período non será inferior a un mes nin superior a un ano.

5. En todos os casos de actuación por fraude, a liquidación estará suxeita aos impostos legalmente aplicables.

6. O servizo municipal de auga notificaralle a liquidación ao usuario coa advertencia de que contra ela pode interpor, no prazo dun mes, recurso ordinario ante a autoridade administrativa competente en materia de consumo, sen prexuízo doutras accións ou reclamacións que xulgue oportunas.

Artigo 49. Responsabilidade penal por fraude

O que dispoñen os artigos anteriores enténdese sen prexuízo da responsabilidade penal por defraudación en que poida incurrir o usuario infractor, de conformidade cos artigos 255 e 623.4 do Código Penal.

CAPÍTULO XII — Réxime sancionador**Artigo 50. Infraccións dos usuarios**

Na prestación dos servizos de auga potable, as infraccións cometidas por usuarios ou terceiros clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Infraccións moi graves:

- a) Débeda en mora por un período superior a dous meses.
- b) Non efectuar as reparacións ou modificacións indicadas polo servizo municipal de auga do Concello na rede interna do usuario, que signifiquen derroche de auga e eventual dano a propiedades aledañas.
- c) Interferir a prestación dos servizos de auga potable, causando prexuízos a outros usuarios.
- d) Introducir modificacións fraudulentas nas conexións de auga potable ou nos aparellos de medición co obxecto de rexistrar menos consumo que o real.
- e) Interconectar redes privadas co sistema público de abastecemento de auga.
- f) Facer conexións directamente desde tubaxes de bombeo, liñas de conducción ou liñas que interconecten unidades do sistema.
- g) Cometer calquera acto que dane as tubaxes ou equipos do sistema de auga potable.
- h) Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succionen a auga directamente das redes de subministro ou desde as conexións domiciliarias.

Infraccións graves:

- a) Impedir o acceso ao inmovible do servizo municipal de auga para a lectura dos medidores, a inspección das instalacións ou o exercicio de calquera das funcións propias do seu cargo.
- b) Retirar ou danar os selos de seguridade dos medidores.
- c) Non pagar a conexión de auga potable.
- d) Efectuar conexións á rede pública de auga potable, mediante instalacións arbitrarias, sen coñecemento nin autorización do servizo municipal de auga.

e) Interconectar as instalacións contra incendios coas conexións de auga potable.

f) Cortar ou interromper o servizo de auga potable dun terceiro.

Infraccións leves:

a) Efectuar a reposición dun servizo suspendido para o que non se houbera ordenado o seu restablecemento, aínda cando se houberan feito os pagamentos pendentes.

b) Efectuar conexións que descarguen augas pluviais na rede de saneamento sanitario e viceversa, salvo que se trate de saneamento unitario.

c) Calquera acción ou omisión prohibida por este regulamento e non cualificada como moi grave ou grave.

Artigo 51. Sancións

As infraccións moi graves poderán ser sancionadas con multa de 900 a 1.800 euros.

As infraccións graves, con multa de 300 a 900 euros.

As infraccións leves, con multa de ata 300 euros.

Artigo 52. Procedemento sancionador

A imposición de sancións esixirá a tramitación do oportuno expediente sancionador, de conformidade co que dispón a Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria, nomeadamente o Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte a que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Pantón, 18 de setembro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2531